



**Concello de Ribadavia**

Concellería de Cultura

NESTA CASA ESTIVO A SEDE DE  
ABRENTE (1969-1983). AGRUPACION  
QUE ESTIMULOU A CULTURA CRITICA  
E CONVIRTEU A RIBADAVIA NA  
CATEDRA VIVA DO TEATRO GALEGO  
EN TEMPOS DE DIFICULTADE.  
RIBADAVIA, 20-MAIO-2000

«PREMIO ABRENTE»  
para textos teatrais  
RIBADAVIA - 2006

[ bases ]

## PREMIO ABRENTE PARA TEXTOS TEATRAIS

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito do teatro por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social e, en lembranza dos "Premios Concurso-Abrente", o Concello de Ribadavia convoca o 1º Premio Abrente para Textos Teatrais 2006, de acordo coas seguintes:

### B A S E S

#### **Primeira. REQUISITOS**

Poderán optar ao premio tódolos autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega normativa.

#### **Segunda. PREMIOS**

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.000 euros.

O Concello publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de doce meses os dereitos de editala e de representala e, entregará ao gañador vinte e cinco exemplares.

O Concello poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e representación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor.

#### **Terceira. PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS**

As obras serán de tema e extensión libres e, presentaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografiados a dobre espazo, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema, achegados de plica na que conste o título e o lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono.

#### **Cuarta. PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN**

O prazo de admisión de orixinais remata o día 30 de xuño e deberán enviarse ó seguinte enderezo: Concello de Ribadavia, Praza Mayor, s/n, 32400 – RIBADAVIA (Ourense) indicando no sobre "1º Premio Abrente para Textos Teatrais 2006".

#### **Quinta. XURADO**

O xurado presidirao o Alcalde do Concello e formarán parte del: a Sra. Concelleira, presidenta da Comisión de Cultura e Educación; o Director da Mostra Internacional de Teatro e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito teatral. O nomeamento do xurado farao o St. Alcalde, e actuará como secretario a persoa elexida por maioría, entre os membros integrantes do xurado.

A composición do xurado farase pública con anterioridade a súa reunión, co fin de que poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

#### **Sexta. COMUNICACIÓN DO DICTAME**

Os participantes terán a obriga de comunicar ao Concello a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar a súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión de ser posible única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será escollida entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. O veredicto do xurado será inapelable.

Sendo unha das posibilidades deste concurso a posta en escena da obra premiada, estimaranse positivamente os factores que incidan na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas, etc.

O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia deste Concello que, é o órgano competente para resolver o premio.

A decisión do xurado terá lugar o día 24 de xullo, e darase a coñecer nos distintos medios de comunicación.

A plica corresponde á obra que resulte finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado co fin de que, se o seu autor o permite, poida darse a coñecer o nome do finalista.

#### **Sétima. RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS**

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das oficinas do Concello no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte o da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados no prazo indicado pasarán a formar parte dos fondos do Concello. Unha vez utilizados os sobres dos datos persoais para a finalidade descrita serán destruídos sen máis.

#### **Oitava. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Ribadavia, 3 de maio do 2006.